



ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO II CONVENIO COLECTIVO AUTONÓMICO PARA A ACTIVIDADE DE AXUDA A DOMICILIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, ás 11.30 horas do 3 de maio de 2011, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas que a continuación se sinalan:

Representación empresarial:

Paula Alvarez Conde (AESSADG)
Lucía del Campo Redondo (AESSADG)
José Félix Valderrey de la Huerga (AESSADG)
Mónica Valiño Suárez (AESSADG)
Miguel Ángel Vilas Martínez (AESSADG)

Representación sindical:

Sonia Outón Casal (UGT)
M^a Belén Muñiz Caamaño (UGT)
María del Mar Castro Cristobo (CC.OO.)
José M. Crespo García (Asesor CC.OO.)
Pedro Pérez Caride (CIG)

Asiste á xuntanza o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, D. Demetrio Fernández López.

O motivo da xuntanza é acordar as táboas salariais para o ano 2011 no sector. A parte empresarial presenta unha proposta de reproducir en Galicia o acordo asinado a nivel estatal por UGT, CC.OO. e a patronal estatal, que basicamente consiste nun



incremento do 3% para o presente ano e diferir o 2% restante para os anos 2012 e 2013.

Logo dun intenso debate, a parte sindical rexeita esta proposta, reclamando o cumprimento do convenio colectivo galego, e concretamente o artigo 44 do mesmo, nos seus estritos termos, non aceptando diferir para anos sucesivos as cantidades ás que entenden teñen dereito xa no presente exercicio.

Non se acada, polo tanto, acordo na materia obxecto da xuntanza.

E non tendo máis asuntos que tratar, se levanta a xuntanza ás 13.00 horas, no lugar e data enriba sinalados, asinando a presente Acta por duplicado exemplar en proba de conformidade.